



Antonio Casas García

Xerente de Alba Ganaderos S. Coop. And.

A eficiencia produtiva das explotacións de vacún leiteiro fronte ao mercado

canto a produción por vaca presente, produción vitalicia, taxa de preñez, taxa de reposición e mellora na rendibilidade das nosas primíparas, entre outros índices de cabeceira que desenvolvemos os técnicos.

Gandeiros e técnicos especialistas na xestión destas explotacións afanáronse en mellorar os seus índices ata límites impensables. Unha gran maioría destas granxas, das chamadas competitivas, funcionan como verdadeiros reloxos suízos, contando con tecnoloxía de última xeración nas súas instalacións e sobre as súas vacas, tecnoloxía que requiriu de fortes investimentos e do aumento continuado do número de vacas para amortizalas, entrando nun bucle sen fin.

Esquecéusenos traballar fóra das explotacións para crear estruturas capaces de aguantar as bases do noso futuro. Temos un subsector en España, salvo excepcións, totalmente atomizado, no cal os produtores somos competidores insolidarios, aínda que nos últimos anos se viron indicios de unión, publicado o paquete lácteo, co nacemento das organizacións de produtores ou incipientes proxectos cooperativos como é o caso de Alba Ganaderos S. Coop. And., no sur de España.

O resultado a día de hoxe é un número moi reducido de explotacións en activo –que aínda nos parecen demasiadas–, e unha produción que mes a mes bate marcas históricas, a cal debe custear as amortizacións dos investimentos millonarios realizados para conseguir a mencionada competitividade.

Pero a realidade é que esta competitividade a enguliu o insaciable mercado, que non ten límite, vendo perplejos como o leite e os produtos lácteos non soben prezos nos lineais desde hai anos, a pesar da suba de custos de produción, sen que se faga valer unha lexislación voluntariosa desde o

seu nacemento, pero con demostrable incapacidade de liquidar o problema da súa propia esencia.

A viabilidade a curto e medio prazo das explotacións competitivas está fortemente comprometida, botando pola borda anos de melloras na xestión, pois estamos nese límite no que hai que decidir seguir ou abandonar. Estamos a pasar a fronteira na que esta opción de vida prevalece por diante de calquera outra cousa e vemos como posibilidade o abandono, pois a nosa competitividade sucumbiu ao mercado. Porque xa non é problema de competitividade e eficiencia produtiva; é problema de prezos do leite no campo e, polo tanto, no lineal.

Desde o sur de España, esgotada a vía da reunión con todo aquel que tivo a ben polo menos escoitarnos, vemos abatidos que as nosas incipientes estruturas non son aínda suficientes para loitar contra o mercado, polo que nos tiramos á rúa a reivindicar o que somos e o que queremos ser. E así o estamos facendo fronte á industria, á distribución e ante a opinión pública, como última saída á maltreita situación pola que atravesamos.

Un mercado do cal debésemos ser partícipes todos, con estruturas fortes e influentes desde a base, capaces de modular oferta, xestionar excedentes e industrializar parte deles, con industrias lácteas como aliadas e non como parte do problema, e cunha distribución honesta que abandone o uso do leite e os produtos lácteos como portas de entrada ás súas tendas.

Un mercado que teremos que empezar a construír se realmente a nosa opción, a pesar de todo, é seguir mudando vacas. Mentres tanto, non estaría mal a actuación decidida do que nos queda de política, como árbitro deste fracaso de todos, pois, ademais de demostrada boa vontade, cómpre eficacia na xestión. Esperemos estar a tempo de poder velo. ■

► DESDE O SUR DE ESPAÑA, ESGOTADA A VÍA DA REUNIÓN CON TODO AQUEL QUE TIVO A BEN POLO MENOS ESCOITARNOS [...], TIRÁMONOS Á RÚA A REIVINDICAR O QUE SOMOS E O QUE QUEREMOS SER

Desde que finalicei os meus estudos na Facultade de Veterinaria de Córdoba, alá polo ano 1999, estivenme formando, traballando e viceversa, na xestión integral de explotacións de vacún leiteiro. En cada unha delas, tentei, na medida das miñas posibilidades e coa cooperación dos gandeiros, tomar decisións conducentes á posta en práctica de protocolos para mellorar a eficiencia de cada unha das áreas de produción.

A optimización de custos de produción fíxonos encher as nosas explotacións de vacas, deixando polo camiño miles de granxas “non competitivas” e “sen proxección de futuro”, que sentenciou o mercado anos atrás ante a pasividade de todo o sector.

Confiabamos en que o noso asesoramento marcasse a diferenza entre as explotacións que compraban un pasaporte para o seu futuro e as que quedaban atrás. Nestes anos fixéronse avances realmente importantes en